



# CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

**EXPEDIENTE 2026/G010/000002. PLENO SESIÓN EXTRAORDINARIA 5 DE FEBREIRO DE 2026.**

**ACTA Nº 2026/2**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro

Data: xoves 5 de xaneiro de 2026

Hora de comezo: 21.00 horas

Hora de remate: 21.13 horas

**PRESIDE:**

JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ (alcalde-presidente)

**ASISTEN:**

Concelleiros

**Partido Popular (PP)**

REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO

ALFREDO SOUTO CASTELO

ISOLINA SUAREZ MILLAN

MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

**Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)**

ROBERTO CASTRO ROCAMONDE

JOSE LUIS RAMOS BARREIRO

EMMA BLANCO LOIS

**Partido Galego (PG)**

JESUS MARTINEZ PEREIRA

**Bloque Nacionalista Galego (BNG)**

XOÁN ANTÓN LOUZA O RODRÍGUEZ

**Concelleiro non adscrito**

DARÍO REY SUAREZ

**Outras asistencias:**

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión extraordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

## **I PARTE RESOLUTORIA**

PUNTO ÚNICO. EXPEDIENTE 2025/A008/000053. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2026”. Aprobación da solicitude de participación.

### **I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS**

**PUNTO ÚNICO. EXPEDIENTE 2025/A008/000053. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2026”. APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.**

*Consta no expediente a seguinte proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de asuntos Xerais celebrada o 2 de febreiro de 2026, que foi obxecto de exposición por parte do Sr. Alcalde, co seguinte tenor literal:*

## ANTECEDENTES

O 28/11/2025 o Pleno da Deputación da Coruña aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2026 (BOP núm. 231 do 02/12/2025).

O prazo de presentación da solicitude de participación remata o 06.02.2026 ás 15:00 horas

O 30/01/2026 achéganse ao Concello de Touro os proxectos técnicos das obras coas que o concello participará no plan.

## CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

O POS+ 2026 configúrase como un plan provincial de investimentos locais, que elaborará a Deputación provincial tendo en conta os plans municipal que elabora o concello.

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local – LRBRL – e aos artigos 32 e 33 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, en relación co artigo 36.2 a) da LRBRL, establece que trátase dunha delegación de competencias municipais.

O artigo 27 da LRBRL, en relación co artigo 47.2 h) daquela, a competencia para aprobar as delegacións de competencias correspóndelle ao Pleno do Concello e que dita o acordo terá que adoptarse por maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

## PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO.** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2026" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2026" e con cargo a "achega provincial 2025":

### A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2026:

	Deputación
Achega provincial 2026 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	

### B ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2026	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Achega municipal		IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello		
Rehabilitación e cambio de uso de escola para Centro Social de Santiso de Cornado.	197.532,44 €				197.532,44 €
Pista Turces por Ribeira cara o Monte	115.555,98 €	2.597,57 €		2.597,57 €	118.153,55 €
Subministro e instalación de 18 desfibriladores nas vías públicas do Concello de Touro e doutro para servizo do Concello.	60.201,13 €				60.201,13 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2026</b>	<b>373.289,55 €</b>	<b>2.597,57 €</b>		<b>2.597,57 €</b>	<b>375.887,12</b>



# CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

ACHEGA PROVINCIAL 2025 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		Orzamento total
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Renovación alumeado público nas Parroquias de Prevedíños e San Miguel de Vilar.	170.192,29 €	5.368,43 €		5.368,43 €	175.560,72 €
Saneamento en Vilar	183.316,13 €				183.316,13 €
Varios núcleo Muíña Vella (Quion) e outro	42.404,74 €				42.404,74 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2025</b>	<b>395.913,16 €</b>	<b>5.368,43 €</b>		<b>5.368,43 €</b>	<b>401.281,59 €</b>

**Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.**

C) Resumo		Deputación	Concello		Orzamento Total
POS+ 2026 RESUMO DE FINANCIAMENTO			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	0,00 €			0,00 €
	Achega 2026	0,00 €			0,00 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025	395.913,16 €	5.368,43 €		5.368,43 €
	Achega 2026	373.289,55 €	2.597,57 €		2.597,57 €
C - TOTAL	Achega 2025	395.913,16 €	5.368,43 €		5.368,43 €
	Achega 2026	373.289,55 €	2.597,57 €		2.597,57 €
	TOTAL	<b>769.202,71 €</b>	<b>7.966,00 €</b>		<b>7.966,00 €</b>

**SEGUNDO.** Aprobar o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2026)	Orzamento de contrata	IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C= A-B) Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e B)
Renovación do alumeado público da Parroquia de Loxo	123.100,45 €		123.100,45 €

TOTAIS	123.100,45 €		123.100,45 €
--------	--------------	--	--------------

**TERCEIRO.** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**CUARTO.** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2026 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2026 Base, se a houbera.

**QUINTO.** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

**SEXTO.** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**SÉTIMO.** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**OITAVO.** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Tras a quenda de intervencións procedeuse á

#### VOTACIÓN

Tras a quenda de intervencións procedeuse á votación da referida proposta de solicitude participación no POS+ 2026, resultando aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

\* As deliberacións correspondentes aos puntos tratados neste Pleno atópanse recollidos no arquivo da acta multimedia gravada e que consta no correspondente expediente electrónico da sesión, publicada na web municipal e dispoñible publicamente na seguinte URL, xunto coa acta en formato pdf:

<https://www.concellodetouro.com/index.php/gl/concello/plenos/videos>

<https://www.youtube.com/watch?v=vJ8fswyQpVA>

\* As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000002 e identificado pola pegada dixital: 1987f786adc0174248df1f611b8dab86d33c530b3066f58e6aefc8be54b71680

#### Minutaxe

00:00.48 Expediente 2025/A008/000053. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2026". Aprobación da solicitude de participación

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 21.13 horas do 5 de febreiro de 2026.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente